

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECE UN RÉXIME TRANSITORIO PARA A MATRÍCULA DE TRABALLOS DE FIN DE GRAO DO ALUMNADO DO GRAO EN ENXENARÍA INFORMÁTICA

As liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións oficiais reguladas polo RD 1393/2007 e aprobadas polo Claustro establecen que o Tráballo de Fin de Grao (TFG) terá entre 6 e 30 créditos e só poderá inscribirse unha vez superados 150 créditos, entre eles todos os da primeira metade da titulación.

Neste senso o Plan de estudos de Grao en Enxeñaría Informática establece que para matricularse do TFG, o alumno debe ter aprobados 150 ECTS, entre eles todo 1º e 2º curso.

Debido á implantación este curso 2009-10 dos catro cursos do Grao e dado que existe unha materia nova en 2º curso (Computación Gráfica), para case todos os alumnos matriculados no TFG é imposible cumprir este requisito ata que finalice o curso, incluídos practicamente todos os alumnos do Curso Ponte.

Así mesmo a información facilitada no Centro aos alumnos sobre matrícula do TFG foi a de proxectos de fin de carreira (PFC), que se rexe por normas diferentes a de Grao.

Pola súa banda a USC non concretou a regulación dos traballos de Fin de Grao ata a Resolución de 15 de maio de 2010, polo que os alumnos entenderon ata esa data que o que rexía era a normativa propia da ETSE, que establecía o período de matrícula do TFG como co antigo PFC, unha vez tiveran todo aprobado e sempre antes de ler o TFG, pero sen ter coñecemento dos requisitos establecidos no Plan de estudos. Isto motivou a Resolución Reitoral do 4 de xuño de 2010 no que se estableceu un período extraordinario de matrícula nesta materia.

A esixencia de ter cumpridas todas as condicións a principio de curso e non xusto antes de ler o TFG, imposibilita a case todos os alumnos a ler o TFG en xullo ou en setembro do ano 2010.

Por último a verdadeira finalidade do TFG e que debe ser cumprida en todo caso é acreditar os coñecementos e destrezas adquiridos durante os

estudos de Grao e polo tanto avaliar os resultados dos estudos unha vez superadas todas as materias do plan de estudo.

Deste xeito cómpre establecer unha situación excepcional e transitoria para que os alumnos que teñen todas as materias aprobadas poidan defender o Proxecto de Fin de Grao na ETSE tendo en conta as circunstancias anteriormente expresadas de implantación especial do Plan de estudos e de falta ou de defecto na información facilitada aos estudantes.

Por todo o anterior, este Reitorado Resolveu:


Primeiro.-

Establecer un réxime transitorio e excepcional na matrícula do Traballo de Fin de Grao dos alumnos e alumnas Grao en Enxeñaría Informática para os cursos 2009/10 e 2010/11 e neste senso permitir a matrícula nesta materia de TFG aínda que teñan pendentes de superar materias de 1º e 2º curso.

Segundo.-

En todo caso, antes de defender o PFG os alumnos e alumnas deberán ter superadas todas as materias do Grao.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2010



O Reitor

Juan J. Cásares Long